

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POR PERSOAL LABORAL FIXO,  
DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR DE XARDINERÍA CORRESPONDENTE Á  
OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2019**

**RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E RESULTADOS 1º EXERCICIO**

Revisadas as alegacións presentadas polas persoas aspirantes durante o prazo outorgado ao efecto, o Tribunal acorda:

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 18**, presentada por D. José Manuel Tuñas Negreira (R.E. núm. 1056 do 09.03.2022), na que expón que *“no se ajusta al temario de las Bases. En las Bases de otros procesos selectivos realizados por este concello, por ejemplo en el que adjunto, se recoge dicha pregunta en el Tema 10 de Eficiencia de los actos administrativos”* e solicita que se anule.

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, porque non ha lugar a comparación con temarios doutros procesos, e porque se considera que na fase de terminación dun acto administrativo entra a notificación dos actos; asemade a notificación recóllese no Título III da Lei 39/2015, de 2 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, titulado “De los actos administrativos”, denominándose o tema 6 “ O acto administrativo”.

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 36**, presentada por D. José Manuel Tuñas Negreira (R.E. núm. 1057 do 09.03.2022), na que expón que *“ la función de un escarificador es realizar cortes verticales en la cubierta vegetal con unas cuchillas, para facilitar la entrada de agua y aire en capas superficiales del suelo. En una palabra, romper el thatch que acumula tallos, raíces, hojas vivas o muertas que se depositan en la superficie. Pero no tiene la función como dice la pregunta 36 en su enunciado la de eliminar y mullir el terreno”* y solicita que sexa anulada dita pregunta *“ por respuesta e interpretación errónea”*.

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, posto que no enunciado da pregunta se deixa claro que se trata dunha operación de resementado, e que para

resemantar hai que escarificar e que, para eso, se usa un escarificador, sexa este de man ou mecánico.

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 43**, presentada por D. Xurxo Francos Liñares (R.E. núm. 1062 do 09.03.2022), na que expón que *“Tal e como está formulada esta cuestión fai referencia ao chan (... provoca que o chan se volva...) e non as prantas que pode haber ou deixar de haber nese chan, senón debería estar redactada doutra maneira, algo así como por exemplo: ... que provoca nas prantas que se atopan nese chan?”*

*Tendo en conta a redacción de dita pregunta que fai mención o chan e non as prantas, a resposta correcta debería ser a a) xa que nun chan con exceso de auga fai que este se volva acedo e elimina o seu PH, e non a d) que fai mención as prantas.”.*

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, e mantense na resposta considerada correcta (a d)), posto que a resposta a) que se propón nesta alegación como correcta non o é, xa que o PH dun solo nunca se elimina.

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 43**, presentada por Dna. Vanesa Gómez Buela (R.E. núm. 1090 do 10.03.2022), na que expón que *“1. A pregunta fai referencia a que provoca o exceso de auga no propio chan como elemento, a que característica do chan cambia. Non se menciona que no chan haxa plantas e, aínda no caso de que as houbera, non tería que causar problema o exceso de auga se existe un bo drenaxe ou o chan é moi poroso e non queda empozada. Aínda no caso de enchoupar o terreo, hai plantas que prefiren un solo así, polo que tamén dependería do tipo de planta.*

*2. De tódalas respostas posibles, a máis correcta é o “a”, sen parecer correcta do todo por estar mal formulada. A choiva acidifica o terreo e fai que o pH se volva máis baixo. Non desaparece Ph como tal, pero sí o nivel do pH anterior.”*

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, xa que no enunciado dise “exceso de auga continuado”, o cal xa deixa entender que non hai un drenaxe suficiente ou

adecuado, co cal, aínda que se fale dunha planta que se cultive con auga, un exceso da mesma fai fracasar dita planta.

A resposta a), tal e como se dixo na alegación anterior á mesma pregunta, non é correcta, a b) tampouco, porque o chan non se volve básico, ao igual que a c), xa que o PH nunca vai ser neutro, polo que se reafirma como correcta a resposta d).

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 43**, presentada por Dna. Diana Ogeros Gil (R.E. núm. 1102 do 10.03.2022), na que expón que “ *a resposta d) non corresponde ao enunciado que pide a reacción no chan por exceso de auga. A mais para provocar asfixia da planta é preciso que se produza encharcamento para o que sería preciso a mais de exceso de auga falta de drenaxe*”, e solicita a nulidade de dita pregunta.

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, en base ao xa manifestado na contestación á reclamación anterior.

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 52**, presentada por D. José Manuel Tuñas Negreira (R.E. núm. 1058 do 09.03.2022), na que expón que “ *Una mala hierba es una planta que compite con un cultivo ornamental, en auga, nutrientes, luz solar e incluso llegan a soltar tóxicos en sus raíces para perjudicar cultivo ornamental. En resumen, va ser indeseable para el cultivo, no para el ser humano como dice la respuesta dada como válida de la pregunta 52. El ser humano lo que tiene que hacer es eliminar la mala hierba por medios manuales o mecánicos. La mala hierba tambien es una herbacea porque todas las hierbas son herbaceas. Por tanto la opción A es LA VÁLIDA.*”, e solicita “ *Que sea anulada la PREGUNTA 52, del 1º ejercicio de concurso-oposición de auxiliar jardinero, por existencia de respuesta respuesta errónea, y considerando como respuesta idónea la opción “A” de una planta herbacea.* “.

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, ao considerar que a resposta a) respondería só a unha parte do enunciado, as b) e c) son claramente erróneas, e que o de boa ou mala virá dado polo uso e o lugar no que se ubique, considerando e reafirmándose, pois, que a resposta correcta é a d).

- **RECLAMACIÓN Á PREGUNTA 58**, presentada por D. Xurxo Francos Liñares (R.E. núm. 1062 do 09.03.2022), na que expón que *“Despois de consultar distintos temarios sobre a materia, en todos se dí que as **funcións principais das raíces son dúas (2)**, a de **ancorar a pranta ó chan** e a de **absorber a auga cos nutrientes disoltos nela**, mesmo nalgúns temarios falan dunha terceira función que é a de **conducción destes nutrientes cara o resto da pranta**.”*

En todo caso o que non pon en ningures é que unha función sexa máis importante ou máis principal que as outras.

*Tendo en conta isto as respostas **a)** e **d)** son correctas e, polo tanto, deberíanse dar por boas ámbalas dúas respostas. “*

O Tribunal entende que cando se menciona na reclamación *“Tendo en conta isto as respostas **a)** e **d)** son correctas ...”*, en base ao expresado no resto do texto da reclamación se quere dicir *“Tendo en conta isto as respostas **a)** e **c)** son correctas ...”*.

O Tribunal acorda desestimar esta solicitude, ao considerar que a resposta a) non se da en tódalas plantas e, polo tanto, non pode ser correcta, posto que existen plantas que non están ancoradas ao chan. En canto á resposta c), que fala da absorción, debe darse en tódalas plantas.

Realizouse a continuación a corrección do 1º exercicio da fase de oposición, garantindo o anonimato das persoas aspirantes, de acordo co sistema establecido.

Detectado un erro material, consistente na repetición dunha mesma pregunta nos números 23 e 29, de acordo co disposto na Base novena, apartado A), anúlase a pregunta 29, dándose por non formulada, e sendo substituída pola primeira pregunta de reserva, o que se trasladou ás persoas aspirantes presentes durante a realización do exercicio.

Realizada a corrección, procedeuse a abrir os sobres coa identidade das persoas aspirantes, de cara á realización da listaxe de puntuacións acadadas, que é a que segue:

APELIDOS	NOME	NÚMERO DE PLANTILLA	DNI / NIE	PUNTUACIÓN ACADADA
ARUFE GARCÍA	NICANOR ENRIQUE	3	*****554H	30,40
BARAGAÑO SAZ	ALBERTO	2	*****684P	37,30
CASAIS OTERO	JOSÉ BENITO	8	*****777T	36
CEBREIRO GARCÍA	MIGUEL ÁNGEL	7	*****299Z	32,30
CORBELLE CAROU	FELIPE	16	*****580N	19,20
FRANCOS LIÑARES	XURXO	6	*****988M	30,60
GÓMEZ BUELA	VANESSA	1	*****188E	36,40
OGEROS GIL	DIANA	21	*****402X	25,60
PARAJÓ FRANCOS	ÁLVARO	20	*****800A	17,20
RÚA BRAVO	RAMÓN LUIS	19	*****023L	21,90
SALGUEIRO RODRÍGUEZ	PABLO	18	*****316D	21,80
TRIGO AMADO	MIGUEL ÁNGEL	17	*****742J	24,40
TUÑAS NEGREIRA	JOSÉ MANUEL	15	*****107V	32,50
VÁZQUEZ FILGUEIRA	JOSÉ MANUEL	12	*****251L	24,60
VÁZQUEZ SÁNCHEZ	MARIO	14	*****691R	16

De acordo co disposto na Base 9.A) das Bases que rexen a convocatoria, para superar este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, será preciso acadar un mínimo de vinte (20) puntos, sendo a puntuación máxima posible de corenta (40) puntos, polo que, de acordo co disposto, superaron o exercicio, por orde de puntuación, ás seguintes persoas:

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI / NIE</b>	<b>PUNTUACIÓN ACADADA</b>
BARAGAÑO SAZ	ALBERTO	*****684P	37,30
GÓMEZ BUELA	VANESSA	*****188E	36,40
CASAI S OTERO	JOSÉ BENITO	*****777T	36
ARUFE GARCÍA	NICANOR ENRIQUE	*****554H	30,40
TUÑAS NEGREIRA	JOSÉ MANUEL	*****107V	32,50
CEBREIRO GARCÍA	MIGUEL ÁNGEL	*****299Z	32,30
FRANCOS LIÑARES	XURXO	*****988M	30,60
OGEROS GIL	DIANA	*****402X	25,60
VÁZQUEZ FILGUEIRA	JOSÉ MANUEL	*****251L	24,60
TRIGO AMADO	MIGUEL ÁNGEL	*****742J	24,40
RÚA BRAVO	RAMÓN LUIS	*****023L	21,90
SALGUEIRO RODRÍGUEZ	PABLO	*****316D	21,80

As persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio quedan citadas para o vindeiro venres día 8 de abril de 2022, ás 12:00 horas, en dependencias da nave municipal do Concello de Teo, sita en Lucí,58, para a realización do 2º exercicio da fase de oposición.

A secretaria do Tribunal,

Mª Elena Méndez Buela